

Entrevistas do 25 aniversario



Fernando Blázquez
GERENTE DE
ECOEMBES -
ZONA NORTE

"De apenas reciclar, hemos pasado a recuperar 56.890 toneladas de envases ligeros en 2016"

[Leer más...](#)



Gonzalo Busóns
PROFESOR DO
COLEXIO DIVINA
PASTORA (OURENSE)

"Unha persoa que fai un curso de Sogama acaba moi motivada para ensinar ao alumnado"

[Leer más...](#)

Editorial



Javier Domínguez Lino
PRESIDENTE DE SOGAMA

"A por un novo curso (sostible)"

[Leer más...](#)

Mundo SOGAMA

Sogama colabora na investigación transfronteiriza en compostaxe industrial

Javier Domínguez, asistiu en Braga ao lanzamento dun proxecto transfronteirizo Galicia-Portugal de valorización de residuos orgánicos no que Sogama participa como socio. O obxectivo do mesmo é promover a compostaxe industrial e poñer en valor a utilización do compost en aplicacións agrícolas ou mesmo cosméticas e, por conseguinte, reducir a cantidade de refugallos desviados a vertedoiro.



[Leer más...](#)

Actualidade

Sogama evitou o vertido de 8 toneladas de residuos en só quince anos

Balance do primeiro semestre de 2017: maior produción enerxética

Incremento do transporte por ferrocarril

Maior porcentaxe de recuperación de aluminio

[Leer más...](#)

Multimedia

Videoconto dos Trebón: "Volvemos á escola!"

[Ver máis...](#)



Ideas innovadoras contra o lixo no mar

[Ver máis...](#)

Eventos

As nais, as que máis separan no fogar

Acuarios por un mar limpo

Os europeos demandan máis acción da EU


Hortas escolares en Siria



A historia da gatiña Kyra

[Máis eventos...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

Solombo de porco recheo

[Ver receita...](#)



Editorial

“A por un novo curso (sostible)”



Tras a paréntese estival, na que todos adoitamos facer balance dos primeiros meses do ano, adentrámonos, do mesmo xeito que os colexiais, nun novo curso que nos permitirá retomar proxectos para amplialos, modificalos ou enriquecelos ou ben emprender novas andainas persoais e profesionais.

A dimensión educativa de Sogama alcanzou tal magnitude que nos axustamos plenamente aos ritmos e calendarios dos centros escolares para acompañalos durante todo o período académico e axudalos a reforzar as ensinanzas medioambientais.

É por isto que xa abordamos unha nova edición do programa “Recíclate con Sogama”, canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia; xa renovamos a nosa plataforma de formación “Caderno Verde” para facela máis funcional e interactiva, incrementando as súas prestacións;

xa reactivamos o programa de visitas ás nosas instalacións, polas que pasaron máis de 71.000 persoas; e, en breve, comezaremos a impartir tamén novos cursos en liña centrados na economía circular que dirixiremos, en primeira instancia, a un centenar de axentes da Garda Civil que mostraron interese nos mesmos.

Tamén lanzaremos novas iniciativas no ámbito da prevención e a redución de residuos en orixe e apostaremos polas últimas tecnoloxías dispoñibles no ámbito da comunicación e a innovación co fin de propiciar, desde a máis absoluta transparencia, que os cidadáns coñezan detalladamente a nosa actividade con só pulsar unha tecla do seu ordenador ou smartphone.

E todo isto acompasado cunha xestión industrial que, na primeira metade de 2017, resultou plenamente satisfactoria, toda vez que conseguimos incrementar

“Lanzaremos novas iniciativas no ámbito da prevención e da redución de residuos en orixe da man das TIC.”

a nosa achega ao reciclado e minimizar, aínda máis, o depósito de refugallos en vertedoiro.

Neste escenario, confiamos en que o noso 25 aniversario culmine da mellor forma posible: logrando novos máximos históricos de eficiencia e que, ademais, o fagamos coa complicidade de todos os cidadáns que cada día colaboran co noso modelo e contribúen co seu esforzo a facer da nosa terra un mundo mellor.

Presidente de Sogama

Javier Domínguez Lino

Entrevistas do 25 aniversario



Neste 2017 Sogama cumpre 25 anos. A empresa pública non sería a mesma sen as persoas que, dunha forma ou outra, se relacionan con ela.

A exposición do 25 aniversario é parada obrigada nas visitas ao complexo

Desde os traballadores, as visitas, os colexios, os particulares que realizan os seus cursos de formación, as asociacións, as entidades recicladoras... Ata os cidadáns que separan nas súas casas.

No seu labor de reciclaxe, Sogama colabora con outras entidades, como é o caso de Ecoembes,

a organización adicada a darlle unha segunda vida aos residuos depositados nos contedores amarelos e azuis de recollida selectiva e que contribúe de forma decidida á economía circular. Falamos con Fernando Blázquez sobre a relación das dúas entidades.

Como o novo curso escolar está comezando, queremos lembrar a

importancia da participación dos colexios galegos no programa educativo "Recíclate con Sogama", canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, así como dos mestres que se implican con ilusión na formación que ofrecemos. Un exemplo é Gonzalo Busóns, profesor no Colexio Plurilingüe Divina Pastora de Ourense.

Entrevistas do 25 aniversario



Fernando Blázquez

Gerente de Ecoembes - Zona Norte

"Sogama ha marcado un antes y un después en la correcta gestión de los residuos de Galicia"

Fernando Blázquez es el gerente de Ecoembes de la zona norte de España. Sogama trabaja con su entidad con un mismo objetivo: incrementar las tasas de reciclaje y sensibilizar a los ciudadanos en las buenas prácticas ambientales respecto a la gestión sostenible de los residuos urbanos.

¿Cómo valora la relación de Ecoembes con Sogama a lo largo de estos años?

En todo este tiempo de trabajo conjunto entre Sogama y Ecoembes, la gestión de los residuos ha evolucionado muy positivamente en Galicia. De la existencia de un único contenedor hemos pasado a contar con al menos cuatro; de no reciclar apenas envases domésticos, a alcanzar las 56.890 toneladas recicladas de envases ligeros y de papel-cartón durante 2016. Ha sido fundamental la relación de confianza y la implicación total de ambas partes a favor de la sostenibilidad.

¿Cómo colaboran las dos entidades para sensibilizar sobre el reciclaje?

Colaboramos para acercar el reciclaje al día a día de los ciudadanos, concienciándolos de la importancia que esta actividad tiene para el medio ambiente. Así, realizamos acciones para sensibilizar a los gallegos sobre la necesidad de depositar los residuos

correctamente en los contenedores amarillos (para latas, briks y envases de plástico) y azules (para envases de cartón y papel). También trabajamos mano a mano para dar a conocer el proceso que siguen los residuos después de haber sido depositados en los contenedores amarillos, de donde son transportados a la planta clasificación de Cerceda y separados según el material que los compone para después ser trasladados a un reciclador.

¿Cuál es la situación de Galicia en el ámbito del reciclaje con respecto a otras comunidades de España?

En estos momentos, al igual que el resto de España, Galicia tiene muchos retos que cumplir, entre ellos, los objetivos de reciclado establecidos para el año 2020. En este sentido, será clave la correcta gestión de la materia orgánica, así como abordar la recogida selectiva de todo tipo de residuos. Para ello, Galicia cuenta

"Colaboramos para acercar el reciclaje al día a día de los ciudadanos."

con un Plan de Gestión de Residuos Urbanos en el que se establece la hoja de ruta a seguir, siendo Sogama pieza fundamental del mismo.

Gracias a Ecoembes por acompañarnos en estos años de trabajo!

Felicidades a vosotros por el 25 aniversario. La puesta en marcha de Sogama ha marcado un antes y un después en la correcta gestión de los residuos de Galicia. ●

Entrevistamos a...



Gonzalo Busóns

Profesor do Colexio Plurilingüe Divina Pastora (Ourense)

“Grazas aos coñecementos que ampliamos cos cursos de Sogama podemos crear cidadáns concienciados”

Gonzalo Busóns é profesor no Colexio Plurilingüe Divina Pastora de Ourense. Ten participado nos cursos de formación que realiza Sogama e que lle permiten abordar de mellor forma a temática cos seus alumnos.

Como participante nos cursos de xestión sostible de residuos urbanos, como valora a formación de Sogama?

É fundamental. Educamos a rapaces. Se os mestres non temos as ferramentas para educar, imos por mal camiño. Entón, esta foi a razón e a dos meus compañeiros do colexio que tamén participaron: transmitir a formación que nos dá Sogama.

Axúdanlle a transmitir mellor os coñecementos?

Efectivamente. Traballamos con rapaces de 1º e 2º de ESO. Grazas aos coñecementos que ampliamos cos cursos podemos crear cidadáns concienciados.

Recomendaría estes cursos?

Convidaría a calquera persoa, sobre todo mestres, a facer estes cursos. Realízanse de xeito doado. As plataformas e as titorías cos materiais

son espectaculares. Unha persoa que fai un curso destes acaba moi motivada e ben preparada para ensinar ao alumnado o tema dos residuos urbanos, que é de vital importancia, pois é un gran problema para o planeta.

Pode contarnos en que consisten os proxectos ambientais que lidera?

Levamos 18 anos traballando con Voz Natura e temos distintos proxectos. Hai 2 anos fixemos un espectacular invernaoiro con 3.500 botellas de plástico.

Por outra parte, no colexio estamos adscritos ao programa Recíclate con Sogama e contamos cunha illa de reciclaxe e un composteiro. Tamén levamos participado en varias edicións da campaña Oportunidades Galicia, que promove a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e que conta coa colaboración de Sogama e de Ecoembes.

“Os rapaces están collendo a semente que estamos a plantar neles.”

Que conclusións extrae destes proxectos?

Creo que os rapaces están collendo a semente que estamos a plantar neles. Incluso agora que traballamos no proxecto “Coida e aprecia a túa contorna”, os rapaces están moi implicados no tema. Están facendo un interesante estudo sobre hábitos de reciclaxe e eles mesmos separan nas súas casas porque saben que son eses pequenos xestos os que van cambiar o mundo. ●

Mundo SOGAMA

Sogama contribúe á economía circular colaborando coa investigación en compostaxe industrial

A empresa pública participa como socio no proxecto transfronteirizo de valorización de residuos orgánicos "Res2ValHum"



Domínguez Lino durante a presentación oficial do proxecto "Res2ValHum"

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, viaxou a mediados do pasado mes de xullo á cidade portuguesa de Braga para participar no lanzamento oficial do proxecto "Valorización de residuos orgánicos: produción de sustancias húmicas (Res2ValHum)".

Este é un proxecto de cooperación transfronteiriza Galicia - Norte de Portugal sobre valorización de residuos orgánicos no que a entidade pública galega participa como cobeneficiaria. Está enmarcado no programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, conta cun orzamento asignado de 2.108.235,31 euros e permanecerá en vigor ata setembro de 2019.

Ademais de Sogama, a iniciativa aglutina a outras dúas entidades galegas (Universidade de Santiago de Compostela –USC- e Centro de Valorización Ambiental do Norte, S.L –CVAN-) e catro portuguesas (Servizo Intermunicipalizado de Xestión de Residuos de Grande Porto –LIPOR-, Centro para a Valorización de Residuos –CVR-, Valorización e Tratamento de Residuos Sólidos, S.A –BRAVAL- e Universidade do Minho –Uminho-), estando liderado por esta última.

Tarefas

O encontro serviu tamén para perfilar competencias e concretar as tarefas a desenvolver polos socios. Así, nos próximos meses levarase a cabo a creación de ferramentas de xestión de residuos, a implementación do proceso de compostaxe con variación de escala, a realización de ensaios de aplicación do compost e o desenvolvemento de sesións técnicas de capacitación ou accións de sensibilización e educación ambiental, entre outras.

Entre as accións do proxecto tamén se inclúe a caracterización dos fluxos de residuos orgánicos, así como os factores físico-químicos e microbiolóxicos que melloran a produción de compost en reactores piloto e industriais, prevéndose a avaliación e optimización do abono resultante a fin de aumentar o seu contido en sustancias húmicas.

De acordo cos preceptos da economía circular, o proxecto pretende diminuír o impacto negativo dos refugallos sobre o medio ambiente

mediante a transformación dos residuos orgánicos en materia prima para varios usos. O máis coñecido, é a elaboración de fertilizantes biolóxicos de alta calidade e remediación de solos contaminados, pero tamén se barallan outros posibles usos vinculados á cosmética e accións terapéuticas, xerando en todo caso produtos de gran valor engadido que tamén poderían abrir a porta a novas áreas de negocio e emprego. No transcurso da súa intervención, Domínguez expuxo a experiencia de Sogama no ámbito da compostaxe, así como os seus obxectivos de cara aos próximos anos.

Máis innovación

Cabe recordar que Sogama participou como socio en outros dous proxectos europeos, Dibbiopack e Red-Genera, como unha vía para ampliar o seu cometido industrial de poñer en valor o seu amplo coñecemento práctico no tratamento de residuos. ●

Actualidade

Máis de 8 millóns de toneladas de residuos convertidas en recursos

O lixo tratado por Sogama entre 2001 e 2016 podería encher 40 veces un estadio de fútbol como o de Riazor



Planta automatizada de selección

Tras 25 anos de servizo a Galicia, a empresa pública adéntrase nunha etapa na que espera incrementar a súa achega ás sostibilidade mediante un maior reciclado e un menor vertido. Un proxecto de futuro que non sería posible sen o traballo realizado ata o día de hoxe.

Entre os anos 2001 e 2016, Sogama tratou no seu complexo medioambiental de Cerceda un total de 8.198.521 toneladas de residuos, cantidade coa que se podería encher 40 veces un estadio de fútbol como o de Riazor na Coruña. Desta forma, a Sociedade evitou que este volume de lixo acabase a súa vida útil en vertedoiro, co conseguinte impacto negativo sobre a contorna e a saúde, poñéndoo en valor desde a

dimensión material e enerxética.

Ademais de recuperar na súa planta de clasificación preto de 284.000 toneladas de envases, a empresa conseguiu separar, de entre o lixo en masa, 165.000 toneladas de aceiro, aluminio e vidro.

Ademais, coa electricidade xerada a partir da fracción non reciclable dos residuos podería abastecer ao 12% dos fogares galegos, dando servizo a 282.350 persoas.

Así mesmo, a promoción do ferrocarril para o transporte de refugallos evitou que 145.445 camións circulasen polas estradas galegas no período de 15 anos, prevendo que, co maior uso do tren, a empresa aforre, durante o próximo decenio, a emisión de

2.230 toneladas de CO₂ e preto de 800.000 litros de gasoil cada ano.

Un futuro circular

Cun investimento de 29 millóns de euros procedentes de fondos propios, a Sociedade ampliará o seu complexo cercedense co fin de aumentar nun 81% a súa capacidade de tratamento e multiplicar por catro as actuais cifras de reciclaxe. Ao mesmo tempo, poñerá en marcha unha planta de compostaxe industrial no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa.

Con estes vimbios, en xaneiro de 2019 Sogama converterase nunha das plantas máis grandes e eficientes de Europa e do mundo, ademais de punto de referencia en economía circular. ●


Actualidade

Sogama incrementa a súa produción enerxética a partir do lixo non reciclable en máis dun 22,5%

Tamén reduciu o vertido nun 33%

No transcurso do primeiro semestre de 2017, Sogama reduciu o vertido en preto dun 33% e incrementou a súa produción enerxética en máis dun 22,5%.

Este logro foi posible grazas a unha mellor operativa e eficiencia industrial, así como a un equipo humano comprometido con altos estándares de calidade, circunstancia que permitiu á entidade maximizar o rendemento das súas instalacións.



Mentres que no primeiro semestre de 2016 procesou na planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible (PRTE) 255.063 toneladas, desviando a vertedoiro 126.171, no mesmo período deste ano conseguiu tratar en planta 296.728 toneladas, minimizando o vertido ata as 84.593.

En produción enerxética subiu de 212.288 MWh a 260.236 MWh, poñendo en valor a fracción non reciclable dos residuos, que, de non

ser recuperada enerxeticamente, acabaría desperdiciada en vertedoiro.

12% dos fogares

Sogama xera a enerxía equivalente ao consumo do 12% dos fogares galegos con tecnoloxías de última xeración que garanten un proceso absolutamente respectuoso co medio ambiente e a saúde, dando cumprimento a unha lexislación moito máis estrita que a que rexe para outras infraestruturas industriais. ●

O transporte de residuos por tren chegará ao 55% en 2018

Sogama optimiza os seus procesos en aras dun maior reciclado e unha maior valorización dos residuos, pero tamén a favor dunha loxística máis racional e sostible



O obxectivo é invertir a tendencia e que o transporte de residuos por ferrocarril supere ao de estrada. Dun 25% inicial, Sogama pasou a transportar por tren preto do 45% dos residuos, confiando en chegar ao 55% en 2018, un 10% máis en só dous anos. Isto é posible grazas ao novo contrato de transporte combinado, en vigor desde fai máis dun ano, no marco do cal a terminal de Lugo se incorporou á de Vigo e á de Ourense como estación de envío

de contedores cara ao complexo medio ambiental de Cerceda.

Mentres que por estrada desprázase unha soa cabeza tractora cun contedor con capacidade para 20 toneladas (40-43 metros cúbicos), por ferrocarril poden trasladarse máis de 30 contedores nunha soa viaxe. Sogama vén optimizando os seus procesos en aras dun maior reciclado e dunha maior valorización dos residuos, pero tamén a favor dunha

loxística máis racional e sostible con especial impacto nunha comunidade como a galega, caracterizada pola alta dispersión da poboación.

Menor pegada ecolóxica

A previsión é que, durante o próximo decenio, se transporten por vía férrea 3.750.000 toneladas de lixo, evitando a emisión de 2.230 toneladas de CO₂ e aforrando preto de 800.000 litros de gasóleo cada ano. ●

Actualidade



Aluminio con mil vidas

En só tres anos, a Sociedade Galega do Medio Ambiente incrementou un 130% a recuperación deste metal

Desde o inicio da súa actividade, e ata o pasado mes de agosto, Sogama recuperou un total de 5.730,98 toneladas de aluminio contidas na bolsa amarela (contedor amarelo) e bolsa negra (contedor verde convencional). En ambos casos, o sistema de separación deste material no complexo medioambiental de Cerceda (A Coruña) está automatizado a través de correntes de Foucault. En porcentaxes, a recuperación deste material viuse incrementada en tres anos, desde 2014, nun 130,75%.

Segundo a asociación para o reciclado de aluminio, **Arpal**, a cantidade de envases de aluminio recuperados en España medrou nos últimos anos.

A entidade destaca que o 75% de todo o aluminio que se fabricou desde hai un século atópase en uso grazas ao reciclado. Outra das súas vantaxes é o aforro de enerxía, xa que ao fabricar produtos con aluminio reciclado afórrase o 95% da enerxía necesaria para produci-lo a partir da bauxita.

Gran valor

O aluminio axústase perfectamente ao concepto de reciclaxe. A súa transformación en novos produtos trae consigo importantes beneficios para o medio ambiente e a economía, toda vez que se trata dun metal con gran valor no mercado. ●

Cinco xeracións de escolares convertéronse en embaixadores dos 3R

Preto de 15.000 alumnos pertencentes a 70 colexios de distintos puntos de Galicia participaron nas primeiras cinco edicións do programa "Recíclate con Sogama"



Esta iniciativa, canalizada a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, botou a andar durante o curso académico 2012-2013, cultivando desde entón grandes éxitos aos que contribuíron igualmente os profesores dos 70 centros adscritos.

O seu obxectivo didáctico non é outro que instaurar a recollida selectiva dos residuos municipais nos colexios participantes e formar aos destinatarios nas boas prácticas asociadas ao principio dos tres erros (redución, reutilización e reciclaxe).

Para alcanzar este fin, Sogama dota aos centros con diversos medios materiais e didácticos, e incentiva o seu interese a través de concursos dotados con vales económicos canxeables por material educativo.

O seguimento do traballo recae en técnicos ao servizo da empresa pública, que se entrevistan cos docentes coordinadores para asesoralos e efectuar as oportunas caracterizacións dos contedores que conforman as denominadas "illas de reciclaxe". A maiores, aos colexios con servizo de comedor e horta ou

xardín, Sogama facilítalles un composteiro para transformar os restos de comida en compost.

Máis valores cívicos

Neste curso escolar, Recíclate con Sogama volverá a ser un dos programas educativos enmarcados no Plan Proxecta da Xunta de Galicia, contribuíndo a alcanzar valores vinculados á boa convivencia, ao civismo, á solidariedade, á responsabilidade e ao compañeirismo, entre outros. ●

¿Separas para reciclar?

A colaboración cidadá resulta esencial para incrementar as taxas de reciclado e é unha axuda imprescindible no cometido de Sogama

Separar os residuos e depositalos no contedor correspondente constitúe o primeiro paso para activar a cadea da reciclaxe. Pero a confusión e o descoñecemento poden dar lugar a erros que entorpecen o proceso. Recordamos os materiais que deben e non deben depositarse en cada recipiente, así como unhas sinxelas recomendacións. ●

ecoRutinas

	⊖ Non depositar	⊕ Recomendacións
 Contedor xenérico residuos non reciclables	<ul style="list-style-type: none"> Restos orgánicos (en caso de non dispoñer de composteiro). Cueiros, compresas. Papel e cartón con restos de graxa. Panos de papel usados. Espellos e louza rota. Cintas de vídeo e de son. Disquetes e CDs. Bolígrafos. Xoguetes de plástico. Lámpadas incandescentes. 	<ul style="list-style-type: none"> Residuos susceptibles de ser reciclados. Aproveitar ao máximo os alimentos para evitar tiralos.
 Contedor amarelo latas, briks e envases de plástico	<ul style="list-style-type: none"> Residuos de plástico que non sexan envases (xoguets, cepillos de dentes, rotuladores, cables eléctricos, enchufes,...), cueiros, restos de alimentos, papel, vidro, pilas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Baleirar os envases. Non introducir uns dentro doutros. Pregar os envases para que ocupen menos espazo. Revisar o contido da bolsa se pesa máis do normal; o plástico é lixeiro.
 Contedor azul envases de papel e cartón	<ul style="list-style-type: none"> Papeis tratados-encerados, plastificados, de calco, sucios ou con restos de graxa. 	<ul style="list-style-type: none"> Quitar anelas metálicas, grapas, arames, espirais,... Dobrar e pregar as caixas e introducilas pola ranura do contedor. Se se mollan e contaminan, non é posible a reciclaxe.
 Iglú verde envases de vidro	<ul style="list-style-type: none"> Tapas, tapóns, cortizas e vidros especiais (restos de cristalerías, parabrisas, cristais de fiestras, espellos, etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> Sacar as tapas, tapóns e cortizas dos envases.
 Minicontedor de pilas	<ul style="list-style-type: none"> Baterías de móbiles ou xoguets. 	<ul style="list-style-type: none"> Priorizar o uso de de pilas recargables, xa que non conteñen metais como mercurio e cadmio.
 Composteiro materia orgánica	<ul style="list-style-type: none"> Excrementos de persoas ou animais, aceites vexetais e minerais, restos de plantas doentes ou con pesticidas, madeira tratada con pinturas ou vernices, produtos lácteos, peixe ou carne, medicamentos, cueiros, restos inorgánicos, plásticos, vidro, restos de aluminio, e materiais orgánicos que conteñan sustancias contaminantes como papeis brillantes ou impresos con tintas de cores. 	<ul style="list-style-type: none"> O compost non cheira; revisa o proceso de elaboración se a mestura ten mal olor.
 Punto limpo residuos especiais	<ul style="list-style-type: none"> Residuos perigosos xerados no fogar (fluorescentes e lámpadas de baixo consumo, vernices, envases de pinturas, tóner, ...). Aceites vexetais usados. Residuos voluminosos (mobbles, colchóns, ...). Madeiras. Restos metálicos do fogar. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs), isto é, lavadoras, frigoríficos, televisores, secadores de pelo, móbiles, equipos de música, etc. Residuos de pequenas obras en domicilios. 	<ul style="list-style-type: none"> Residuos para os que non estea deseñado. Consulta se no teu Concello se dispoñen de recollida a domicilio.

Actualidade

Máis de 93.000 persoas atendidas pola campaña galega da reciclaxe

“Oportunidades Galicia” realizou máis de 1.900 visitas por toda a comunidade

Tras case un ano en activo, a campaña autonómica “Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor”, atendeu de forma directa a máis de 93.000 persoas. Desde agosto de 2016, e ata xullo do ano en curso, a través desta iniciativa materializáronse máis de 1.900 accións en concellos, centros educativos, centros comerciais, asociacións, praias, campamentos e eventos deportivos e culturais, entre outros escenarios. Para isto utilízanse ferramentas de apoio tales como aulas móbiles, tráilers e carpas informativas, que son atendidas en todo momento por educadores medioambientais especializados en residuos urbanos.

Estes dispositivos concíbense tamén como puntos de encontro a través dos cales os cidadáns reciben as instrucións oportunas sobre unha mellor xestión dos refugallo que producen cada día, trasladan as súas dúbidas e comparten experiencias con outras persoas interesadas.



Preguntas frecuentes

En canto ás dúbidas máis habituais, predominan as vinculadas ao contedor amarelo e ao azul. Descoñécese que

no primeiro nunca se poden depositar plásticos que non sexan envases; e no segundo, non se deben botar cartóns e papeis sucios e con restos de graxa. ●

Redondela, Covelo, Campo Lameiro, Vilaboa, Cambados e Ordes reciben 235 novos composteiros domésticos

Ademais dos cursos presenciais, os novos usuarios poden resolver as súas dúbidas no sitio web www.compostaconsogama.gal



Na súa firme aposta pola compostaxe doméstica e os seus beneficios ambientais, económicos e sociais, Sogama continúa estendendo o seu programa de compostaxe doméstica a novos usuarios. A petición dos concellos pontevedreses de Redondela, Covelo, Campo Lameiro, Vilaboa e Cambados, e do coruñés de Ordes, entregou nos mesmos 235 novos composteiros domésticos.

O principal requisito para participar nesta iniciativa é que as vivendas a incorporar á mesma sexan unifamiliares e que dispoñan de terreo (xardín, horta ou terras de cultivo) no que aplicar o abono resultante. Os recipientes a distribuír están fabricados con materiais reciclados e reciclables, e contan cunha capacidade para 360 litros cada un.

Cada vez, máis

A día de hoxe xa son 73 as entidades pontevedresas adscritas ao programa de autocompostaxe promovido por esta entidade pública, tendo distribuído entre as mesmas preto de 2.700 composteiros. No caso de Ordes, son aproximadamente 150 os recipientes subministrados nesta localidade desde o 2015.

Ademais da dotación de medios materiais, Sogama asume as tarefas educativas orientadas aos cidadáns impartindo cursos presenciais de formación e distribuindo material didáctico e divulgativo.

Os interesados poden complementar e reforzar os seus coñecementos a través do sitio web www.compostaconsogama.gal. ●

Multimedia

Volta á escola da familia Trebón



Os Trebón non ían ser menos e tamén lles tocou volver ás escola en setembro. E estábano desexando porque este curso... Víctor, Lilia e Lucas comparten aula e están moi contentos! Outra novidade que lles gusta moito é que a súa vai ser unha "escola verde" e van aplicar a diario os 3 R e consultar a web www.cadernoverde.gal para "aprender xogando" a coidar o medio ambiente. ●

 Mira aquí o videoconto

Concurso de ideas innovadoras contra o plástico no mar



ONU Medio Ambiente e Think Beyond Plastic invitan aos universitarios de todo o mundo a presentar ideas innovadoras para loitar contra o lixo mariño, conformado na súa meirande parte por plásticos.

Ambas entidades promoven e organizan un concurso dirixido a graduados e posgraduados de todo o mundo, cuxas ideas deben estar enmarcadas en campos de coñecemento tales como a enxeñaría, as comunicacións, a economía e a elaboración de modelos de datos. A presentación de candidaturas conclúe o 6 de outubro.

Os gañadores en cada categoría serán anunciados na Sexta Conferencia Internacional sobre Lixo Mariño, a celebrar en San Diego (California) entre o 12 e o 16 de marzo de 2018. Alí terán a oportunidade de presentar as súas

ideas, ademais de participar no programa anual de Think Beyond Plastic, que leva a cabo labores de titoría e asesoramento sobre como facer viables as súas ideas desde o punto de vista comercial.

Máis plásticos ca peixes

É imprescindible poñer freo a esta problemática. Ao redor de 8 millóns de toneladas de plástico acaban nos nosos mares cada ano, o que equivale a un camión de lixo por minuto. Se non se toman as medidas oportunas, en 2050 podería haber máis plástico ca peixes nos océanos. ●

 Máis información sobre o concurso

Caderno Verde, máis dun lustro ao servizo da educación ambiental en Galicia

A plataforma educativa de Sogama "Caderno Verde" cumpre máis de cinco anos ao servizo da educación ambiental en Galicia. Con preto de 57.000 visitas e 500.000 páxinas vistas, é todo un referente pedagóxico para a xestión sostible dos residuos municipais.

Un dos seus principais atributos é o seu carácter transversal, posibilitando que o medio ambiente esté presente en todas as materias obxecto de estudo. No sitio web www.cadernoverde.gal están dispoñibles todo tipo de recursos didácticos a través dos que abordar as distintas asignaturas do currículo académico (inglés, lingua galega,

matemáticas, etc.), á vez que se instrúe aos pequenos nas boas prácticas vinculadas ao principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe). Fichas didácticas, videocontos nos que se recrean situacións medioambientais cotiás protagonizadas polos refugallos ou xogos educativos poden consultarse en liña ou descargarse en formato libre.

Os amigos de Vilaverde e a familia Trebón, humanos e extraterrestres, son os personaxes de ficción que axudan aos alumnos de educación infantil e primaria a interiorizar a importancia que ten coidar o medio ambiente como garantía de futuro. ●



 Accede aquí a www.cadernoverde.gal

Eventos

Roupa fóra de uso: unha aposta polo medio ambiente e a solidariedade

Desde o ano 2005, Humana Fundación Pueblo para Pueblo recolleu en Galicia 21.241 toneladas de téxtil usado, cifra coa que evitou a emisión de 67.314 toneladas de CO₂. A pesar das facilidades que supón depositar a roupa fóra de uso nun dos 385 contedores repartidos por toda Galicia, a Sogama aínda seguen chegando, dentro da bolsa negra, 41.000 toneladas de téxtil, un 5,30% do total, porcentaxe que poderá ser rebaixada se os cidadáns se conciencian con esta práctica.

Así mesmo, cabe sinalar que, a nivel nacional, durante o primeiro semestre deste 2017, Humana recuperou 8.602 toneladas de téxtil a través dunha rede de 5.300 contedores. Esta cifra representa un incremento do 5,09% respecto do mesmo período do ano anterior.

En 30 anos de actividade, a cantidade de roupa recuperada por esta organización elévase ás 276.144 toneladas, o equivalente a encher máis de catro veces o estadio de fútbol Santiago Bernabéu.

A xestión da roupa recollida pola entidade desde 1987 permitiu xerar máis de 30 millóns de euros para proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos que se viron involucradas 2,4 millóns de persoas. ●



As mamás separan máis



Segundo o "Estudo de Hábitos de Reciclaxe", elaborado polo Instituto Apolda para Ecoembes, as nais españolas teñen maior iniciativa á hora de separar os residuos no fogar e propiciar o seu posterior reciclado. No 34,5% das ocasións, son elas as que deciden habilitar espazos destinados á segregación dos refugallos fronte ao 14,6% dos pais. Non obstante, o estudo sinala que, no 29,3% das ocasións, trátase dunha decisión conxunta que evidencia a responsabilidade de toda a familia coa protección do medio ambiente. O documento mostra tamén que a reciclaxe xa é un hábito asentado nos domicilios españois, que contan cunha media de tres cubos. Ademais, os seus integrantes dispoñen dun maior coñecemento respecto dos materiais que deben ser depositados en cada recipiente. O estudo fíxose sobre unha mostra de 5.000 persoas repartidas de xeito proporcional a nivel rexional. ●

Eventos

Cen acuarios dos cinco continentes aúnan forzas contra o lixo mariño

Baixo o lema “Acuarios do mundo contra o lixo mariño”, o pasado 27 de xullo, o Museo Oceanográfico de Mónaco, acolleu o lanzamento dunha campaña mundial contra o lixo mariño á que se uniron case un centenar de acuarios dos cinco continentes, asumindo o papel de embaixadores para transmitir aos cidadáns o grave problema que representan os

residuos no mar e facelos partícipes das solucións. O evento está enmarcado na iniciativa europea #CleanSeas das Nacións Unidas.

O Príncipe Alberto II de Mónaco exerceu de anfitrión, acompañado do comisario europeo de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, Karmenu Vella. Asistiron igualmente o director executivo do Programa de Medio Ambiente

da ONU, Erik Solheim, e o director executivo da Asociación Mundial de Zoolóxicos e Acuarios (WAZA), Doug Creese, ademais de representantes doutras entidades de interese.

Os detalles da campaña daranse a coñecer en Malta o 5 e o 6 de outubro. Á cita non faltarán os líderes mundiais co obxectivo de poñer en común os seus compromisos para protexer os nosos mares. ●



Os europeos demandan máis acción medioambiental da Unión Europea

En concreto, un 75% da poboación. Así se recolle no Eurobarómetro de abril, o que se traduce en 8 puntos porcentuais máis e 9 no caso de España.

En resposta a esta enquisa, o Parlamento Europeo recordou nun comunicado as distintas medidas que a UE veu adoptando na loita contra o cambio climático, a contaminación atmosférica, a natureza e a biodiversidade, e a economía circular. Neste último caso, a correcta xestión e tratamento dos residuos tense convertido nunha prioridade, de aí as novas normas centradas na reciclaxe, o menor uso do vertedoiro, o ecodeseño e a xestión de vehículos, baterías, acumuladores e residuos eléctricos e electrónicos (RAEES).

En novembro, unha delegación do Parlamento participará na Conferencia sobre Cambio Climático de Nacións Unidas en Bonn (Alemaña), sendo o seu principal obxectivo garantir o progreso na aplicación do Acordo de París.

O paquete europeo de economía circular, publicado en decembro de 2015, contemplaba as principais medidas de acción na materia, concretando obxectivos de reciclado para o ano 2030 (65% para os residuos municipais e 75% para os residuos de envases) e limitando o uso do vertedoiro ao 10%, que logo o Parlamento rebaixou ao 5%. ●

Medio centenar de hortas escolares en Siria




A Unión Europea e a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) promoven a educación alimentaria e nutricional dos nenos de Siria a través da implantación de 17 hortas en escolas, algunhas en zonas de conflito. O obxectivo é que, a través da formación previa de 300 profesores, 3.400 menores incrementen o consumo de produtos básicos e teñan unha dieta equilibrada e saudable na que se prime o consumo de froitas, verduras e hortalizas.

Cada unha das hortas ten uns 500 metros cadrados e están equipadas con depósitos de auga e un sistema de rego por goteo. Calcúlase que entre as 17 xa cultivaron ao redor de 12 toneladas de froitas, hortalizas e verduras.

Coa colaboración de Unicef e o Programa Mundial de Alimentos (PMA), a experiencia ampliarase en breve, grazas aos fondos adicionais do Goberno de Xapón, a outras 35 escolas de Alepo e Damasco rural. ●

Os impropios no contedor azul encarecen ata 20 millóns de euros a reciclaxe de papel



O 10% de impropios na recollida selectiva do papel supoñen un sobrecusto anual medio para o sector de entre 11 e 20 millóns de euros.


Así se desprende dun estudo realizado pola Mesa da Nova Recuperación de Aspapel, no que, ademais, se precisa que, por cada 1% de incremento no nivel de impropios, o sobrecusto a asumir polo sector sería duns 3 millóns de euros ao ano.

As causas destas malas prácticas na recollida selectiva son a disposición de contedores inapropiados (é o caso dos de boca ancha) ou en mal estado, os contedores abertos, o mal uso dos mesmos, así como os furtos e o vandalismo.

A mellora virá da man de contedores deseñados expresamente para dificultar o depósito doutros materiais e que contén con sistemas antifurto e

antivandalismo, así como o axeitado mantemento dos mesmos, o reforzo das campañas cidadás de información e concienciación, a realización periódica de controis de calidade do material recollido e a implementación, no seu caso, de accións correctivas. ●

A gatiña Kyra, unha historia en primeira persoa



Baralláronse diferentes alternativas e a solución chegou da man dun familiar dun dos empregados de Sogama que se ofreceu a darlle un futuro.

Este é un testemuño dun desgraciado comezo con final feliz. O primeiro día de setembro, a primeira hora da mañá, na explanada do parking das oficinas de Sogama, un dos empregados atopou unha gata siamesa abandonada. Un cachorro de pouco máis de dous meses. Desnutrida, asustada, con feridas, sucia e colmada de parásitos.

Inmediatamente, outras dúas compañeiras recollérona, déronlle de comer e, sobre todo, obsequiárona con grandes doses de afecto e de agarimo. De feito, e malia o seu calamitoso estado, non dubidaron en acariñala e arroupala. A gata converteuse no centro de atención de todo o personal

da oficina sendo conscientes de que había que buscarlle un fogar.

Baralláronse diferentes alternativas e, afortunadamente, a solución chegou da man dun familiar dun dos empregados de Sogama que se ofreceu a darlle un futuro. Preto das tres da tarde viñeron recollela. Rocío, a súa nova dona, unha moza de 15 anos solidaria, comprometida co medio ambiente e que sente auténtica devoción polos animais, esperábaa cos brazos abertos. Sabemos que non pode estar en mellores mans. Tivemos a oportunidade de falar con ela esa mesma noite para dispoñer dun primeiro feedback:

“Non vos preocupedes. A gatiña está xenial. Xa é a xefa da casa”.

Agradecemento

Desde Sogama queremos agradecer sinceramente o loable xesto de Rocío e alzar a voz, unha vez máis, en contra do abandono de animais, invitando a todas as persoas de ben a que, na medida das súas posibilidades, sigan o exemplo desta moza e contribúan a darlles un fogar.

A nosa gata favorita, que xa foi bautizada co nome de Kyra, tivo a gran sorte de atopar seguridade e o amor da súa vida. Lamentablemente, a maior parte das veces non é así. ●

Receitario

Un prato de carne moi versátil e completo

Esta receita pode resultar un pouco laboriosa para quen non estea acostumado a andar entre fogóns, pero o resultado está delicioso! Outra vantaxe é que este solombo de porco con verduras é deses pratos que podes conservar dun día para outro e solucionar o xantar de dous días. A que é unha boa idea?



Solombo recheo



Nivel de dificultade:

1

Fácil

2

Medio

3

Avanzado



Cantidades e ingredientes:

Para 3 persoas

- 1 solombo de porco
- 1 manoxo de espárragos verdes
- 1 cullerada de mostaza
- 4 lascas de xamón
- 4 triángulos de queixo curado (ou ao gusto)
- 200 gr. de champiñóns
- Viño branco (ao gusto)
- 200 ml de leite evaporado
- 1 dente de allo
- 1 anaco de porro (a parte branca)
- Aceite de oliva
- Sal
- Pementa
- Noz moscada
- Pauciños



Elaboración:

1. Prequentar o forno a 200°C, calor arriba e embaixo.
2. Cortar e abrir o solombo en forma de libro (ou pedilo na carnicería). Salpimentar o interior e selar nunha tixola cunhas gotas de aceite (só pola parte interior). Reservar.
3. Salpimentar os espárragos e saltealos nunha tixola.
4. Encher o solombo co xamón e co queixo e cando os espárragos estean feitos, engadir esta terceira capa de verdura. Reservar uns poucos para a salsa.
5. Cerrar o solombo e pinchar cuns pauciños para que non se abra.
6. Salpimentar por fóra, untar coa cullerada de mostaza e forneal durante 20 minutos a 200°C.
7. Refogar o allo e o porro picados nunha tixola cun pouco de aceite e, a continuación, engadir os champiñóns cortados en láminas.
8. Cando estean refogados, incorporar os espárragos reservados e un chorro de viño branco.
9. Esperar a que se evapore o alcohol e engadir o leite evaporado.
10. Deixar que a salsa se reduza, engadir noz moscada ao gusto, pementa moída e rectifical do sal.



Presentación:

Cortar o solombo en medallóns e napar coa salsa.



Onde vai que?



Latas e tapas de metal



Contedor amarelo



Restos de comida



Contedor xenérico ou composteiro



Botes de cristal



Iglú verde